



INFORMACIÓN PARA AS PERSOAS QUE SUPEREN O PROCEDIMENTO DE ACCESO AO CORPO DE CATEDRÁTICOS DE MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS.

1. Aquelas persoas aspirantes que obteñan unha praza de cátedras en máis dunha especialidade deberán optar por unha delas no prazo de dous días hábiles a partir da publicación polo tribunal da lista de persoas aspirantes seleccionadas, renunciando ao resto. Para tal opción deberán empregar o modelo que figura como anexo I.
2. Logo de realizada esta opción, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria fará pública a relación definitiva das persoas seleccionadas en cada especialidade.
3. O persoal aspirante definitivamente seleccionado poderá solicitar praza de cátedras da súa especialidade nos conservatorios superiores de música de A Coruña e Vigo, no prazo de dous días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación da relación definitiva.
4. O persoal seleccionado que obteña unha praza de cátedras na adxudicación de destinos provisionais desempeñará o seu posto como profesor de música e artes escénicas, en réxime de comisión de servizos, e percibindo o complemento específico compensador do nivel 24 ao 26, ata o seu nomeamento como persoal funcionario de carreira do corpo de catedráticos de música e artes escénicas. Cubrirase, polo tanto, a súa resulta no procedemento de adxudicación de destinos provisionais.
5. Non é obrigatorio solicitar praza no procedemento de adxudicación de destinos provisionais.
6. O feito de non participar na adxudicación de destinos provisionais non impide o nomeamento como persoal funcionario de carreira do corpo de catedráticos de música e artes escénicas.





7. O feito de non participar na adxudicación de destinos provisionais non impide a participación voluntaria no próximo concurso de traslados para a obtención dunha praza definitiva do corpo de catedráticos de música e artes escénicas.

8. Aquelas vacantes que se produzan como consecuencia das opcións realizadas ao abeiro do disposto no parágrafo 1 destas instrucións seranlle ofertadas, por orde de puntuación, a aquelas persoas que non obtiveran inicialmente praza de cátedras.

No caso de que puidera elixir praza en máis dunha especialidade, a Subdirección Xeral de Recursos Humanos poñerase en contacto coas persoas aspirantes para que opten por unha delas no prazo que se lle indique mediante a remisión do anexo II cuberto ao número de fax 981545484.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O subdirector xeral de Recursos Humanos

José Luís Canosa Baldomir

